



Teaching Guide				
Identifying Data			2023/24	
Subject (*)	Tourism Research Methods and Techniques	Code	662G01024d	
Study programme	Grao en Turismo (a distancia)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatory	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Non-attendance			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinador	Pérez García, Antonia	E-mail	antonia.perezg@udc.es	
Lecturers	Pérez García, Antonia	E-mail	antonia.perezg@udc.es	
Web				
General description	Proporcionar ao alumno/a os coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo, o método a seguir, as técnicas a empregar, as fontes de datos e a forma de redacción. A materia divídese en varias partes, tendo como obxectivo xeral aprender a realizar tanto un traballo de investigación coma un informe para unha empresa, institución ou organización turística.			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
-Proporcionar ao alumno os coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo	A5 A6 A13 A24 A33 A34	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
-Coñecer os métodos e técnicas a empregar para o deseño dun traballo de investigación	A5 A6 A13 A24 A33 A34	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
-Coñecer as fontes de datos e o manexo destas.	A5 A6 A13 A24 A33 A34	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
-Coñecer as fases e saber redactar un traballo de investigación, informe, etc.	A5 A6 A13 A24 A33 A34	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1: Métodos nas ciencias sociais	1.1 Regras xerais do método científico. 1.2 Métodos nas ciencias sociais: causal, funcional, estruturalista, formal e tipolóxico. 1.3 Concepto de método e técnica. 1.4 Método inductivo ou empírico. Método deductivo.
Tema 2: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	2.1 Revisión de fontes bibliográficas: a base de datos na rede e a súa procura (libros dixitais, revistas, catálogos de consultas e bibliotecas universitarias) 2.2 Fase de preparación: formulación do problema, marco teórico, obxectivos e deseño da investigación. Elección de ferramentas válidas e fiables. Selección da mostra representativa.



Tema 3: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	3.1 Recollida de datos: papel do investigador, calidade dos datos. 3.2 Análise e interpretación dos datos: codificación, construción de táboas e cadros. Interpretación dos datos. Elaboración das conclusións. 3.3 Redacción do informe.
Tema 4: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	4.1. Observación participante e non participante. Tipos de estratexias. 4.2. Análise de contido. Pasos metodolóxicos. 4.3. A entrevista en profundidade, procedemento, transcripción e análise.
Tema 5: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	5.1 A enquisa, tipos de cuestións, estrutura e deseño. 5.2 Grupo de discusión. 5.3 A técnica Delphi. 5.4 Outras técnicas: estudo de casos, historias de vida, etc.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	32	44
Document analysis	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	15	15
Supervised projects	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	60	60
Collaborative learning	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	15	15
Mixed objective/subjective test	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	10	12
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas online impartiranse as teorías e fundamentos claves para a adquisición de coñecementos nesta materia. Facilitaránse os contidos dos temas en formato PDF a través da aplicación de Moodle e tamén quedarán gravadas ditas sesións.
Document analysis	A análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas relacionadas co sector turístico que facilitaranse online) traballaránse ao longo do cuadrimestre.
Supervised projects	Realización de traballos prácticos obrigatorios tutelados individuais sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. En dito traballo o/a alumno/a planificará/deseñará as técnicas de investigación suxeridas (observación, entrevista en profundidade e deseño de enquisa) aplicadas á situación social e obxectivos empresariais/institucionais da empresa/institución seleccionada relacionada có sector.



Collaborative learning	Algunhas das tarefas teranse que realizar a través de foros ou wikis colaborativas en grupos nos que o alumnado traballará de forma conxunta na tarefa asignada para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros.
Mixed objective/subjective test	Exame mixto onde haberá unha parte test que valora a aprendizaxe de conceptos e outra parte de preguntas de desenvolvemento que valora a aprendizaxe de coñecementos.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects Document analysis Collaborative learning	Traballos tutelados e análise de fontes documentais supoñen a atención personalizada de titorías individuais ou en pequenos grupos online. As titorías iranse expoñendo a medida que se explique o contido teórico do curso e a súa aplicación práctica. A aprendizaxe colaborativa, a través de foros o wikis en formato online, terán un seguimento e resposta das intervencións por parte do/da profesor/a.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O/A alumno/a deberá obter no exame unha calificación mínima de 5 (sobre 10), non podendo, en ningún caso, ter unha cualificación inferior a 4 nalgunha das partes. No caso de obter unha cualificación por baixo de 4 nalgunha das partes, esta será a cualificación final da proba mixta.	60
Supervised projects	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O traballo forma parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: capacidade de síntesis, procura de información documental, elaboración do informe final seguindo as fases metodolóxicas, análise e interpretación e conclusións.	20
Document analysis	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Forma parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: capacidade de síntesis, procura de información documental e reflexión persoal sobre o tema.	10
Collaborative learning	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Realización de tarefas obrigatorias colaborativas nalgúns temas, cuxa participación activa e aproveitamento será avaliada polo/a profesor/a. Estas tarefas forman parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: participación activa, capacidade de síntesis, procura de información, capacidade de colaboración activa, capacidade de comunicación bidireccional e reflexión crítica.	10

Assessment comments



1ª Oportunidade: a parte práctica da avaliación continua ten un valor dun 40%, a parte teórica (exame) ten un valor dun 60%.

Os traballos tutelados, análise de fontes documentais e aprendizaxe colaborativa son traballos obrigatorios para a avaliación continua (40%) e o/a alumno/a terá que obter un mínimo dun 5 (sobre 10), entre as tres metodoloxías, para facer media co exame (60%), no cal tamén deberá obter un mínimo de 5 (sobre 10). Gárdase a nota da parte práctica ou do exame para a 2ª oportunidade, no caso de ter aprobada algunha das partes.

2ª Oportunidade: no caso de ser NP ou suspenso na 1ª oportunidade, o/a alumno/a deberá entregar todos os traballos obrigatorios requiridos para tentar superar a materia na 2ª oportunidade. No caso do/s traballo/s de grupo, deberá facelo de forma individual.

A nota da parte práctica da avaliación continua (no caso de estar aprobada) gardarase para as seguintes convocatorias de cursos sucesivos ou oportunidade adiantada, pero no caso de que os contidos ou criterios da parte práctica da avaliación continua sexan modificados na guía docente, non quedará gardada a nota, polo que o/a alumno/a deberá revisar a guía docente do curso no que se presenta ou o consultará co o/a profesor/a antes de presentarse ao exame.

No caso de que non se supere unha das partes da materia, xa sexa na 1ª ou 2ª oportunidade, a cualificación final da mesma será dun máximo de 4.

O/A alumno/a obterá a cualificación de NP se non se presenta ao exame, aínda que haxa realizado os traballos da avaliación continua durante o curso (independentemente da oportunidade).

Convocatoria adiantada: séguense os mesmos criterios que para a avaliación de 1ª ou 2ª oportunidade, polo que o/a alumno/a deberá poñerse en contacto co/a profesor/a con suficiente antelación para establecer os traballos a realizar de forma individual e as datas de entrega.

Dispensa Académica: o alumnado con recoñecimento de dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente, deberá facer os traballos obrigatorios, e facelos chegar ao/á profesor/a para a súa avaliación nas datas que se establezcan, polo que é importante que se poña en contacto co/coa profesor/a con suficiente antelación.

Disponibilidade dos idiomas en relación as probas escritas da avaliación: o exame estará no idioma de impartición da materia, se se desexa no outro idioma oficial da UDC, solicitaráse unha semana antes da data de realización.

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade

(<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none">- Bacells i Junyent, Josep (1995). La Investigación social. Promociones y Publicaciones Universitarias- García Ferrando, M. y otros (2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid, Alianza- Gutierrez Brito, Jesús (2007). Investigación Social del turismo. Perspectivas y aplicaciones. Paraninfo- Gutierrez Brito, Jesús (2013). El turismo que vemos y contamos. Técnicas de investigación social aplicadas al turismo. Colección Grado. Editorial UNED- Hernández Sampieri, Roberto y otros (2006). Metodología de la investigación. Mc Graw-Hill-4ª Edición- Iglesias Millán, José Antonio (2014). Técnicas de Investigación aplicadas al sector turístico. Editorial Síntesis- Oliva, Miguel y Lonardi, Pablo (2020). Metodología de la Investigación Social aplicada al turismo: la mejor manera de desarrollar el turismo. Editorial Independently published <p>
</p>
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Sociology of Tourism/662G01001

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Perspectiva de Xénero: segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.